

NOTA DE PRENSA

SEMANA EUROPEA DA MOBILIDADE: “Compartir lévate máis lonxe”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017 – Desde o Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queremos sumarnos como organización profesional, ás celebracións da Semana Europea da Mobilidade, adheríndonos ó seu lema “Compartir lévate máis lonxe” e tratando de poñelo en práctica implicando a todos os compañeiros profesionais da psicoloxía que teñen contacto cos condutores e condutoras galegas a través dos Centros de Recoñecemento, así como, durante o desenvolvemento doutras actividades tanto formativas como rehabilitadoras de condutores infractores en todo o ámbito da CC.AA de Galicia.

Durante o noso quefacer profesional atendemos e valoramos a máis de 35.000 condutores e condutoras anualmente nos preto de 200 centros. Tamén participamos na totalidade dos cursos de recuperación total con cerca de 800 asistentes por ano. Ademais o Grupo de Tráfico e da Seguridade leva intervindo con máis de 1000 persoas condutoras infractoras coas que se intenta conseguir cambios nas actitudes o que posibilitaría compartir dun xeito máis cívico.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal